

TEMPORADA 2021/2022

CIRCULAR Nº38

Ref.^a NOVA ACTUALIZACIÓN PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO RFGF DE CONFORMIDADE Á DERRADEIRA ACTUALIZACIÓN DA GUÍA SIMPLIFICADA DAS MEDIDAS PREVENTIVAS PARA FACER FRONTE AO RISCO DE CONTAXIO POLA COVID 19 DE APLICACIÓN AO DEPORTE GALEGO

ANEXO

En data 20 de abril de 2022 a Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) remitiu á Real Federación Galega de Fútbol (en diante RFGF) unha nova actualización da “Guía simplificada das medidas preventivas para facer fronte ao risco de contaxio pola Covid-19 de aplicación ao Deporte Galego” co fin de que as distintas Federacións Galegas adaptasen os seus distintos protocolos COVID 19 á situación epidemiolóxica actual e á normativa publicada para os efectos, todo elo, en consonancia co Real Decreto 115/2022 de 8 de febreiro e da Orde do 11 de febreiro de 2022.

A SXD, en data 21 de abril de 2022, vén de aprobar a actualización do Protocolo Fisicovid - DXT Galego proposta pola Real Federación Galega de Fútbol. Polo tanto, son de aplicación as seguintes modificacións:

FÚTBOL, FÚTBOL GAÉLICO, FÚTBOL SALA E FÚTBOL PRAIA E AS DISTINTAS DISCIPLINAS FEDERATIVAS

Queda excluída a obrigatoriedade do uso da máscara, permitíndose a celebración de partidos e adestramentos de fútbol, fútbol gaélico, fútbol sala, fútbol Praia e o resto das disciplinas federativas sen a utilización de máscara EN TODAS AS CATEGORÍAS E IDADES, quedando o uso da máscara á elección voluntaria de cada federado.

O que se comunica para xeral coñecemento, aos oportunos efectos e debido cumprimento.

Diego Batalla Bautista
Secretario Xeral



A Coruña, 22 de abril de 2022